

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

SOLICITUDE BANCO DE INSTRUMENTOS - Curso 2022-2023

DATOS PERSOAIS DA ALUMNA / DO ALUMNO:

APELIDOS		NOME		DNI/NIE	
ENDEREZO			LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL
DATA DE NACEMENTO	IDADE	TELÉFONO DE CONTACTO 1		TELÉFONO DE CONTACTO-2	
CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS					
CURSO DE PRÁCTICA INSTRUMENTAL QUE CURSA					

CUBRIR OS SEGUINTE DATOS SÓ NO CASO DE MENORES DE IDADE:

NOME DA NAI/PAI/PERSOA TITORA	DNI/NIE
-------------------------------	---------

INSTRUMENTO QUE SOLICITA _____

Coñezo e acepto as condicións e características do banco de instrumentos que figuran ao dorso e que son as contidas na Ordenanza Reguladora da Escola Municipal de Música de Arteixo (BOP nº11 de 17 de xaneiro de 2017)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE (alumnado maior de idade ou pai/nai/persoa titora no caso de menores de idade)
--

Arteixo, de de 2022

AUTORIZACIÓN DA INTERESADA / DO INTERESADO PARA RECABAR DATOS TRIBUTARIOS RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)

As persoas abaixo asinantes autorizan ao CONCELLO DE ARTEIXO a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento e control do proceso de acceso ao banco de instrumentos para o 2020/2021. A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos indicados en aplicación do disposto no artigo 95.1 K) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria que permite, previa autorización das persoas interesadas, a cesión de datos tributarios que precisen as AA.PP para o desenvolvemento das súas funcións.

DATOS DOS MEMBROS DA FAMILIA DO SOLICITANTE CON INGRESOS COMPUTABLES (unicamente maiores de 18 anos)				AUTORIZO Á OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS TRIBUTARIOS DE TERCEIRAS PERSOAS. ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS PARA OBTEN SUBVENCIONES PÚBLICAS
PARENTESCO	NOME E APELIDOS	NIF/NIE	SINATURA	
				SINATURA:
				SINATURA:
				SINATURA:

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Características do banco de instrumentos:

1. O acceso ao préstamo de instrumento virá determinado pola puntuación obtida de acordo co establecido na presente ordenanza.
2. O préstamo concederáse por un curso académico debendo formalizar nova solicitude cada curso no que se desexa acceder ao préstamo.
3. Ao rematar cada curso, a persoa beneficiaria do préstamo devolverá o instrumento nos 3 días seguintes ao remate do período lectivo. No caso de solicitar en cursos sucesivos e resultar beneficiario, o instrumento físico que utilizará en préstamo será o mesmo que o usado por primeira vez (agás causas xustificadas).
4. O préstamo efectuarase previa formalización do correspondente documento de préstamo (contrato), que deberá ser asinado pola persoa usuaria ou por pai/nai/titor/titora no caso de alumnado menor de idade. Neste documento especificaranse as condicións do préstamo.
5. Previo á sinatura do contrato indicado, deberase formalizar seguro para o instrumento que se terá en condición de préstamo. Ademais dos danos, o seguro deberá cubrir roubo ou perda.

Condicións do banco de instrumentos:

1. Os instrumentos son propiedade do Concello de Arteixo, polo que estes deberán ser devoltos no prazo de 3 días desde que concurra calquera das seguintes circunstancias:
 - Remate do curso
 - Baixa na EMMA (deixar de ser alumnado da Escola)
2. Serán causas de retirada do instrumento as seguintes:
 - Expulsión da Escola por apertura de expediente disciplinario por faltas de asistencia reiteradas e non xustificadas ou conductas disruptivas
 - Uso indebido ou deterioro manifesto do instrumento prestado. Nestes casos, a persoa docente notificará a situación á dirección da Escola que a elevará á Comisión de Valoración que será o órgano que tome a decisión, debendo procederse á notificación da mesma.
3. O instrumento deberá ser devolto nas mesmas condicións en que lle foi prestado e sempre en bo estado de conservación, de forma que poida ser utilizado por outro alumnado.
4. Serán por conta do alumnado os gastos que deriven do uso e a adquisición de pequeno material como cordas, canas, etc.
5. Os instrumentos de vento prestaranse sen boquilla, sendo obriga do alumno/a mercala.
6. As persoas usuarias faranse cargo do importe das posibles reparacións que eventualmente se tiveran que realizar para manter o instrumento en bo estado de conservación. A tal efecto, as labores de mantemento e reparacións derivadas serán a cargo da persoa beneficiaria do préstamo.
7. O control de uso será asumido polas persoas que sexan titoras e informarán puntualmente á dirección da Escola dos posibles desperfectos sufridos polos mesmos, tanto dos de aula como dos de préstamo. No caso de detectarse unha mala conservación do instrumento, a dirección elevará información á Comisión de Valoración que celebrará reunión para a toma de decisións e a aplicación das medidas correspondentes estando obrigado o alumnado ou os proxenitores/titores a sufragar os gastos da reparación.
8. No caso de perda ou roubo do instrumento, a persoa depositaria do instrumento (ou familia/titores no caso de menores de idade) asume a obriga de realizar as tramitacións correspondentes coa aseguradora coa que contrate o obrigatorio seguro para a reposición do instrumento á EMMA.

Acepto as características e condicións definidas para o banco de instrumentos

Arteixo, de de 2022

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE (alumnado maior de idade ou pai/nai/persoa titora no caso de menores de idade)

De conformidade co disposto no artigo 5.1. da LOPD 15/1999 do 13 de decembro, os datos persoais facilitados serán incorporados a un ficheiro de titularidade pública, do que é responsable o Concello de Arteixo, coa finalidade de aplicalos ás actividades relacionadas coas súas competencias segundo se especifica no Regulamento municipal de protección de datos de carácter persoal. En relación cos seus datos persoais, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na LOPD 15/199 e no RD 1720/2007, dirixíndose ó Concello de Arteixo (Praza Alcalde Ramón Dopico – 15142 – Arteixo – A Coruña). Os datos facilitados poderán ser comunicados a terceiros dentro dos fins directamente relacionados que poden ser consultados na disposición de creación do Ficheiro.

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo **CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN**

DOCUMENTACIÓN A APORTAR:

Para a formalización de solicitude de acceso ao préstamo de instrumentos, deberán aportar a seguinte documentación obrigatoria:

1. Modelo normalizado de solicitude (documento actual)
2. Fotocopia do DNI ou outro documento acreditativo da identidade da persoa para a que se solicita o préstamo, dos proxenitores ou dos representantes legais segundo proceda.
3. Fotocopia do libro de familia ou documentación que o substitúa.
4. Impreso de autorización para a obtención dos datos tributarios do ano fiscal que corresponda das persoas que integran a unidade familiar con idade laboral (modelo xa incluído na solicitude). As persoas non obrigadas a declarar presentarán tamén a autorización. En todo caso, é obriga e responsabilidade das familias estar ao corrente nos seus datos fiscais coa AEAT.

Para maior clarificación, considérase que forman parte da unidade familiar as seguintes persoas:

- Os cónxuxes ou titores legais ou parellas de feito.
- As fillas e os fillos menores que convivan no mesmo domicilio.
- As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- As fillas e os fillos maiores de idade cun grao de discapacidade superior ao 33% .

Para o cálculo da renda per cápita ou no caso de ser necesaria unha interpretación da situación derivada de casuísticas diferenciais, estarase ao disposto na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia como concreción das persoas integrantes da unidade convivencial.

Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral de violencia de xénero, para os efectos do cálculo da renda per cápita nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

Para maior información: consultar Ordenanza Reguladora da Escola Municipal de Música de Arteixo [BOP de 17/01/2017 ou páxina web municipal -www.arteixeiro.org]